



## INDICE

### **CAPITULO I: DA ENTIDADE**

### **CAPITULO II: DOS INTERESADOS/AS**

SECCION PRIMEIRA: DOS SOCIOS

SECCION SEGUNDA: DOS DEPORTISTAS

SECCION TERCEIRA: DOS PAIS, NAIS, E REPRESENTATES LEGAIS DOS DEPORTISTAS MENORES DE IDADE.

### **CAPITULO III: DOS ORGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACION**

SECCION PRIMEIRA: ORGANOS DE GOBERNO

SECCION SEGUNDA: ASEMBLEA XERAL

SECCION TERCEIRA: XUNTA DIRECTIVA

SECCION CUARTA: DO PRESIDENTE

SECCION QUINTA DO VICEPRESIDENTE (S)

SECCION SEXTA: DO SECRETARIO

SECCION SEPTIMA: DO TESOUREIRO

SECCION OITAVA: DOS VOCAIS DELEGADOS

### **CAPITULO IV: DA RESPONSABILIDADE DOS DIRECTIVOS E SOCIOS**

### **CAPITULO V: REXIME DISCIPLINARIO DO CLUB**

SECCION PRIMEIRA: DISPOSICIONS XERAIS


SECCION SEGUNDA: COMISION DE DISCIPLINA

### **CAPITULO VI: REXIME ECONOMICO – FINANCIERO**

### **CAPITULO VII: REFORMA DOS ESTATUTOS**

### **CAPITULO VIII: REGULAMENTOS**

### **CAPITULO IX: DISOLUCION DA INDENTIDADE**



## **CAPÍTULO I: DA IDENTIDADE**

**Artigo 1º.** A S.D. Club Ordenes é unha asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas, que ten como obxecto exclusivo ou principal a práctica, promoción e desenvolvemento da actividade física e deportiva polos asociados, así como a participación en actividades nas competicións oficiais, sen ánimo de lucro.

**Artigo 2º.** A S.D. Club Ordenes practicará como principal modalidade deportiva a de fútbol, e solicitará a ratificación dos Estatutos e a inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas de Galicia, de conformidade coa Lei Xeral de Deporte.

A S.D. Club Ordenes poderá ampliar o seu obxecto social a outras modalidades deportivas, culturais e recreativas, para as cales se porán en funcionamento as seccións correspondentes, previo acordo da Xunta Directiva, e refrendo da Asemblea Xeral.

**Artigo 3º.** O domicilio Social, e a efectos de notificacións, da S.D. Club Ordenes está na Rúa Vista Alegre, s/nº, 15680 Ordes (A Coruña), con nº de teléfono 981 69 78 45, e-mail [sdclubordenes@sdclubordenes.com](mailto:sdclubordenes@sdclubordenes.com), debendo de ser comunicado calquera variación do mesmo o Rexistro de Asociacións Deportivas de Galicia, de conformidade coa Lei Xeral de Deporte.

## **CAPÍTULO II: DOS INTERESADOS**

### **SECCION PRIMEIRA: DOS SOCIOS**

**Artigo 4º.** O número de socios será ilimitado, mías deberá de contar cun mínimo de tres, nembargantes, a Xunta Directiva poderá suspender a admisión temporal de novos socios cando por razóns de falta de espazo ou capacidade das instalacións, ou outras semellantes se así o aconsellen.

**Artigo 5º.** Os socios poderán ser das seguintes clases: numerarios, honorarios, protectores, e dentro destas clases poderán haber distintas denominacións según idades, tipoloxías familiares, etc.

**Artigo 6º.** Son socios todas as persoas maiores de idade que teñan aboado a cota social establecida pola Asemblea Xeral.

Os menores de dezoito anos, clasificaranse como socios "junior", e disporán dos mesmos dereitos que calquera outro socio.

Serán "Socios Honorarios" aquelas persoas que a xuízo da Xunta Directiva, e previa ratificación na Asemblea Xeral merezan esta distinción polos seus relevantes méritos, tendo dende o nomeamento un lugar de Honor nos actos oficiais do club.

**Artigo 7º.** Dereitos e obrigas dos socios. Son dereitos dos socios numerarios:

- a) Contribuír ó cumprimento dos fins específicos do club.
- b) Esixir que o club se axuste ó disposto na lexislación vixente e ó establecido no presente estatuto.
- c) Separarse libremente do club.
- d) Coñecer as actividades da Asociación e examinala súa documentación, así como a coñecer os órganos de goberno e representación, previa solicitude razoada e xustificada a Xunta Directiva, sen que a mesma poida producir indefensión.
- e) Expor libremente as súas opinións no seo do club, tendo voz e voto na Asemblea Xeral, e no resto de organismos dos que forme parte dentro do Club.
- f) Facer propostas ós órganos de dirección do Club sobre asuntos que estimen convintes e que fagan referencia a actividade do mesmo. Os devanditos órganos terán a obriga de recolle-los na orde do día da primeira xuntanza que celebren despois da súa presentación.
- g) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno do club, sempre que teña plena capacidade de obrar.

Son obrigas dos socios:

- a) Aboar as cotas que esixa a Asemblea Xeral.
- b) Contribuír ó sostemento e difusión do deporte.
- c) Acatar todas as disposicións e acordos dote a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou a Presidencia, para o correcto goberno e dirección do club.
- d) Manter un comportamento correcto en cantos eventos nos que poida representar, participar ou apoiar o Club.



- e) Dar un bó uso as instalacións, tanto propias como alleas.  
Os socios "junior" terán dereito de uso das instalacións e servizos do club.  
Os familiares dos socios numerarios terán dereito de uso daqueles servizos e instalacións que se pre-determinen, sempre que sea aboada previamente a cota establecida.

**Artigo 8º.** Para ser admitido como socio/a en calquera das modalidades, será preciso:

- a) Te-la idade.
- b) Solicitalo ante o club.
- c) Satisface-la cuota de ingreso correspondente.

**Artigo 9º.** A condición de socio pérdese:

- a) Por vontade propia.
- b) Por impago das cuotas sociais.
- c) Por acordo da Xunta Directiva, causado por faltas de carácter grave, tendo que ser ratificado pola Asemblea Xeral.
- d) Por calquera outra cousa establecida na lexislacion vixente.

## SECCION SEGUNDA: DOS DEPORTISTAS

**Artigo 10º.** Teran consideración de deportistas aquelas persoas que, percibindo ou non retribución económica, adócanse á práctica do deporte en representación do Club. Asimesmo o seu réxime será obxecto de regulación no "Regulamento Interno", que se tratará máis adiante. Os deportistas non teñen a obrigatoriedade de ser socios do Club, inda que sería o máis razoable.

## SECCION TERCEIRA: DOS PAIS, NAIS, E REPRESENTATES LEGAIS DOS DEPORTISTAS MENORES DE IDADE.

**Artigo 11º.** Son aquelas persoas maiores de idade que representan os intereses dun deportista menor de idade, estando habilitados para esta labor os pais, nais e os representantes legáis. Deberán cumprir as obrigas que figuren no Regulamento de Rexime Interno do Club, así como facer efectivos os dereitos que figuren no devandito regulamento e nos estatutos de club.

## CAPITULO III: DOS ORGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACION

### SECCION PRIMEIRA: ORGANOS DE GOBERNO

**Artigo 12º.** No Club existirán como mínmo, os seguintes órganos de goberno e administración: Asemblea Xeral de socios, Xunta directiva, e Presidente/a.


### SECCION SEGUNDA: ASEMBLEA XERAL

**Artigo 13º. Composición.** A Asemblea Xeral de socios é o órgano supremo do goberno do club e estará integrada por tódolos socios. A Presidencia da Asemblea estará en poder do Presidente do Club.

**Artigo 14. Funcións.** Corresponde a Asemblea Xeral:

- a) Elixir Presidente, Xunta Directiva, por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto.
- b) Aprobación e modificacións dos estatutos e regulamentos internos do Club.
- c) Aprobal a moción de censura ó Presidente, e no seu caso, á Xunta Directiva.
- d) Deliberar e aprobar, se fose o caso, a memoria anual de actividades, a liquidación do exercicio deportivo e social e o balance e contas do mesmo.
- e) Deliberar e aprobar, se fose o caso, o programa deportivo e o presuposto do Club.
- f) Aprobar o ingreso ou ratificación da admisión provisional de novos socios/as.
- g) Establecer as cuotas que teñen que aboar os socios, nas súas respectivas categorías.
- h) Acordala disolución do Club, según o establecido nestes estatutos.
- i) Dispoñer e allear os bens do Club, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial.
- j) Todas e cantas funcións se deriven desde estatutos, ou da normativa legal vixente.

**Artigo 15º. Convocatoria ordinaria e extraordinaria.** A Asemblea Xeral deberá ser convocada en sesión ordinaria, alomenos unha vez ó ano.



A Asemblea Extraordinaria celebraráse cando as circunstancias así o aconsellen, por proposta da Presidencia, por acordo da Xunta Directiva, ou a petición por escrito de alomenos o 10% dos socios. Neste último caso, a Presidencia deberá convoca-la Asemblea no prazo máximo de quince días dende a recepción da solicitude da mesma. A Asemblea Xeral Extraordinaria incluírá na orde do día só e exclusivamente os asuntos para os que foi convocada. Entre os asuntos que corresponden tratar a Asemblea Extraordinaria están:

- a) Elección do Presidente, e no seu caso da Xunta Directiva, segundo o previsto nestes estatutos.
- b) Ratificar ós novos membros da Xunta Directiva, segundo o previsto nestes estatutos.
- c) Moción de Censura ó Presidente e, no seu caso, da Xunta Directiva.
- d) A modificación dos estatutos e regulamentos do Club.
- e) A disolución do club.
- f) Aprobación e modificación dos regulamentos do Club.
- g) Dispoñer e allear os bens do Club, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial.
- h) Cambio do nome do Club, do escudo, etc.

**Artigo 16º. Normas das convocatorias.**

- a) As convocatorias a Asemblea Xeral faránse por escrito, incluíndo éste como mínimo os seguintes termos: Lugar, data, hora da celebración e orde do día da mesma, incluído o apartado de rogos e preguntas se fose Asemblea Xeral Ordinaria.
- b) A publicidade da convocatoria será obligatoria, mediante a publicación da mesma no taboleiro de anuncios do Club, así como por outros medios que a criterio da Xunta Directiva sexan oportunos.
- c) Os socios terán a súa disposición os documentos relativos a orde do día que figure na convocatoria, como mínimo dez días antes da celebración da mesma, para as consultas pertinentes.

**Artigo 17º. Validación e Constitución.**

- a) A Asemblea Xeral quedara válidamente constituída na primeira convocatoria cando nela estén representados a maioría dos socios, e en segunda convocatoria con calqueira que sexa o número dos socios asistentes. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá de pasar como mínimo 30 minutos.
- b) Os acordos da Asemblea Xeral aprobaránse por maioría simple dos socios asistentes, nos tendo en conta as maiorías cualificadas, tendo por cada membro un voto. Só no caso de empate, terá valor o voto de calidade do Presidente. Estes acordos serán vinculantes e de obrigado cumprimento, e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes e da Federación Galega Deportiva da modalidade ou perante o comité Galego de Xustiza Deportiva.
- c) Na Asemblea xeral, poderase exercer o voto delegado.


**SECCION TERCEIRA: XUNTA DIRECTIVA**

**Artigo 18º. Natureza Xurídica.** A Xunta Directiva é o órgano de goberno e administración do Club. Será quen de executar os acordos aprobados na Asemblea Xeral, así como levar a cabo as funcións que estes estatutos lle otorgan.

**Artigo 19º. Composición.** A Xunta Directiva terá como mínimo tres membros, e vinte como máximo, asimesmo deberá contar cos seguintes cargos: Presidente, Secretario e Tesoureiro. Ningún cargo da Xunta Directiva será retribuído. Se houbese máis cargos, obstarían o cargo de vocais, sen prexuízo da existencia de un ou varios Vicepresidentes.

**Artigo 20º. Funcións.**

- a) Dirixir a xestión do Club, tendo especial vixianza no cumprimento dos obxectos sociais e deportivos establecidos nestes estatutos.
- b) Facer e planificar os proxectos deportivo – sociais de cada tempada, contratar persoal, dar altas e baixas de deportistas, facer inscricións nas competicións oficiais ou non oficiais, e todos aqueles aspectos que supoñan o correcto funcionamento do Club.
- c) Facer balances, memorias, inventarios, proxectos, presupostos, etc, así como redactar os regulamentos internos do Club, para a súa posterior aprobación na Asemblea Xeral.



- d) Crear as Comisións ou Grupos de Traballo que sexan necesarias, e nomear as persoas que as dirixan.
- e) Mente-lo orden e a disciplina no Club, e sobretudo vixiar o comportamento deportivo nos ámbitos nos que o Club participe.
- f) Redacta-los diferentes regulamentos do Club, para a súa posterior aprobación na Asemblea Xeral.

**Artigo 21º. Eleccións.**

- a) O Presidente será elixido na Asemblea Xeral Extraordinaria, en sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto. Tódo-los membros da Xunta Directiva teñen que ser socios numerarios. Sairá elixido Presidente quen obteña o voto da maioría absoluta dos socios presentes na asemblea, se isto non ocorre na primeira votación, volveríase a votar entre os dous candidatos con maior número de votos, sendo gañador o que obteña maior número de votos. Asimesmo, será condición indispensable que o Presidente electo, non exercera este mesmo cargo no club, en algún momento nos dous anos anteriores, e que teña unha antigüidade como socio do mesmo, como mínimo de dous anos.
- b) Os demais cargos da Xunta Directiva, serán nomeados polo Presidente de entre os seus membros, e serán ratificados por maioría absoluta na primeira xuntanza despois da Asemblea.
- c) A Xunta Directiva exercerá o seu mandato por catro anos.
- d) A formación da Xunta Directiva deberá de ser comunicada o Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

**Artigo 22º. Convocatoria.** A Xunta directiva será convocada polo Presidente, ou por petición da maioría dos seus membros, e con tres días de preaviso como mínimo.

**Artigo 23º. Constitución.** A Xunta Directiva quedará constituída na primeira convocatoria cando estén presentes, como mínimo, o cincuenta por cento dos seus membros, en segunda convocatoria sexa cal sexa o número de membros presentes.

**Artigo 24º. Demisión.** En caso de demisión dalgún membro da Xunta Directiva, seguiráanse os seguintes parámetros:

- a) Se a demisión fose o Presidente, asumirá as súas funcións o Vicepresidente, se este cargo non existise, sería o seguinte directivo que aparece na lista da formación oficial da Xunta Directiva, quen convocará a Xunta Directiva para elixir novo Presidente entre os seus membros, que sairá elixido por maioría de tres quintos.
- b) Se a demisión fose de menos do cincuenta e un por cento dos membros da Xunta Directiva, o Presidente nomeará ós seus substitutos de entre os socios, dando conta da situación na primeira Asemblea Xeral que se celebre.
- c) Se a demisión fose da maioría da Xunta Directiva, ousexa, de cómo mínimo o cincuenta e un por cento dos seus membros, nomearase unha xunta xestora, formada polos tres directivos de máis antigüidade, quenes según a antigüidade, tomada esta de maior a menor, serán Presidente, Secretario e Tesoureiro. Esta xestora seguirá coa xestión do Club, intentando dar unha imaxe de normalidade, dentro do posible, e asimesmo convocará, nun prazo máximo de tres meses Asemblea Xeral Extraordinaria, para a elección de nova Xunta Directiva.

**SECCION CUARTA: DO PRESIDENTE**

**Artigo 25º. Naturaleza e funcións.**

- a) Obstenta a representación legal do Club.
- b) Convocar e presidir a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como facer de moderador nos debates destas xuntanzas.
- c) Executar os acordos tomados validamente na Asemblea Xeral, na Xunta Directiva, ou nos distintos órganos do Club.
- d) Nomear os distintos cargos, conforme ó previsto no artigo 21 destes estatutos.
- e) Asinar, ou delegar noutra persoa, a firma de tódolos documentos.
- f) Orde-los pagos que o Club teña que facer, previa autorización da Xunta Directiva, por maioría simple.
- g) Exerce-lo voto de calidade en caso de empate.
- h) Exercer toda-las demais funcións que estén contempladas neste estatuto.



**Artigo 26º. Eleccións.** O Presidente será elixido dacordo co establecido no artigo 21 dos presentes estatutos, entre os membros da Asamblea Xeral, e por un período maximo de catro anos.

**Artigo 27º. Moción de censura.**

- a) A moción de censura ó Presidente, e no seu caso a Xunta Directiva, deberá de ser adoptada po-la maioría de socios presentes na Asamblea Xeral Extraordinaria.
- b) Para ser admitida deberá ser presentada por escrito motivado, o que se lle engadirán as firmas de a lo menos un 25 por cento dos socios con dereito a voto, debendo ésta ir acompañada dunha proposta de novo Presidente, e no seu caso de Xunta Directiva con un programa de actividades alternativo.
- c) O Presidente, unha vez recibida formalmente a comunicación, deberá, de xeito obligatorio e no prazo máximo de tres días deberá convocar Asamblea Xeral Extraordinaria nun prazo máximo de quince días naturais, con este único punto do día, para que se celebre nova elección con votación secreta, ou a manalzada se así se acordase maioritariamente.
- d) Se o Presidente non convocase a Asamblea Xeral Extraordinaria nos prazos sinalados anteriormente, poderá face-lo válidamente o Vicepresidente, se o houbese, e no seu defecto o Tesoureiro ou o Secretario. No caso de que tampouco o fixesen, deberase instar a xurisdicción competente.
- e) A sesión de moción de censura será presidida po-lo Secretario.

#### SECCION QUINTA: DO VICEPRESIDENTE (S)

**Artigo 28º. Naturaleza e funcións.**

- a) A súa existencia non é obrigatoria, sendo a mesma unha facultade discrecional do Presidente. Nomearanse de acordo o previsto no artigo 21.
- b) No caso de existir máis de un a denominación de Vicepresidente, acompañará un ordinal comenzando por primeiro (1º) e así sucesivamente.
- c) Terán as seguintes funcións: Substituí-lo Presidente nos casos de vacantes, enfermidade, ausencia, incapacidade ou outras causas de imposibilidade exercendo as funcións que a éstos lles estean atribuídas; en todos estos casos serán considerados como Presidente en funcións.
- d) As que lle sexan delegadas expresamente polo Presidente.

#### SECCION SEXTA: DO SECRETARIO


**Artigo 29º. Naturaleza e funcións.** O Secretario terá como funcións:

- a) Cumplimenta-los libros de actas, nas que se consignarán as reunións celebradas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e demais órganos colexiados do Club, coa expresión da data e hora, lugar da reunión, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas serán subscritas polo Presidente e o Secretario.
- b) Levar un libro-rexistro de socios, no que constarán nomes e apelidos, DNI, así como o cargo que deserola no club, podendo ser en papel, ou mediante rexistro informático.
- c) Cuidar da correspondencia do club.
- d) Expedir certificados dos acordos tomados, co Vº e Pª do Presidente.
- e) Autorizar coa súa firma, xunto coa do Presidente, os contratos celebrados polo Club.
- f) Formalizar a memoria anual de actividades
- g) Actuar como tal en todos e cada un dos órganos colexiados do Club
- h) Exercer cantas función lle encomende expresamente o Presidente.
- i) Todas aquelas previstas no presente Estatuto

#### SECCION SEPTIMA: DO TESOUREIRO

**Artigo 30º. Naturaleza e funcións.** O tesoureiro/a terá as seguintes funcións:

- a) Recadar e custodiar os fondos do Club, así como leva-la contabilidade do Club, e custodiar os seus libros.
- b) Efectualos cobros e pagos que o Presidente ou a Xunta Directiva aproben.
- c) Ter as contas a disposición das socias e socios a título particular, da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva



- d) Elabora-los proxectos de presupostos e balances anuais
- e) Todas aquelas previstas no presente Estatuto

#### **SECCION OITAVA: DOS VOCAIS DELEGADOS**

**Artigo 31º.** Natureza e funcións dos vocais. Os Vocais terán como funcións:

- a) Terán as obrigas dos seu cargo, xestionar unha área concreta, comisións de traballo, ou calquera outra que se lle encomende por delegación, así como colaborar cos demais membros da Xunta Directiva, nas tarefas que lle sexan encomendadas.
- b) Asistir ás reunións da Xunta Directiva.

#### **CAPITULO IV: DA RESPONSABILIDADE DOS DIRECTIVOS E DOS SOCIOS**

**Artigo 32º.** Responsabilidade dos directivos

Os directivos do Club responderán ante a Asemblea Xeral e terceiros dos acordos adoptados no exercicio das súas funcións, así como por culpa ou negligencia grave. A responsabilidade non alcanzará os membros da Xunta Directiva que votasen en contra do acordo, ou se abasteran e conste na acta.

**Artigo 33º.** Responsabilidade dos socios

Os socio responden ante a Asemblea Xeral segundo o que se determina neste estatuto.

#### **CAPITULO V: REXIME DISCIPLINARIO DO CLUB**

##### **SECCION PRIMEIRA: DISPOSICIONS XERAIS**

**Artigo 34º.** Normativa Aplicable. O réxime disciplinario do Club rexerese polo disposto nestes estatutos; o Regulamento de Réxime Interno, aprobado pola Asemblea Xeral e pola Lei 11/97, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia no seu Título VII

**Artigo 35º.** Exercicio da potestade sancionadora. O Club exercerá a potestade disciplinaria sobre os socios, deportistas, pais, nais e representantes legais dos deportistas menores de idade, segundo o establecido no Regulamento Interno.

##### **SECCION SEGUNDA: COMISION DE DISCIPLINA**

**Artigo 36º.** Composición. O Club creará unha Comisión de Disciplina, que contará con tódolos medios necesarios para o seu normal funcionamento. A Comisión de Disciplina poderá estar formada polos membros da Xunta Directiva. O Presidente da Comisión, que será o Presidente da Xunta Directiva, poderá designar un instructor, que será o responsable da instrución do expediente disciplinario

**Artigo 37º.** Funcións. Terá como función principal a de tramitar e sancionar os expedientes disciplinarios iniciados de oficio ou a solicitude dos interesados e informar a Xunta Directiva.

#### **CAPITULO VI: REXIME ECONOMICO – FINANCIERO**

**Artigo 38º.** Patrimonio. O patrimonio do Club estará composto por:

- a) As aportacións económicas dos socios.
- b) As doazóns ou subvencións que reciba.
- c) Os resultados económicos que poidan producir calquera acto que organice o club.
- d) As rendas, froitos e intereses do seu patrimonio, así como de herdanzas ou doazón de socios ou terceiras persoas.
- e) Calquera outros que se determinen regulamentariamente.

**Artigo 39º.** Destino dos ingresos. Tódolos ingresos, incluídas as subvencións e posibles beneficios en nas actividades que desenrole o Club, destinaranse ó obxecto do Club establecido nestes estatutos.

**Artigo 40º.** Alleazón dos bens. A entidade poderá gravar e allear os seus inmobles, tomar diñeiro a préstamos e emitir títulos transmisibles representativos da débeda ou parte alicuota patrimonial, de acordo coa lexislación xeral e se se cumpren os seguintes requisitos:



- a) Que sexan autorizados na Asemblea Xeral Extraordinaria por maioría de dous terzos.
- b) tos actos non poñerán en perigo o patrimonio do Club, ou impedirán o desenvolvemento da actividade deportiva que constitúe o seu obxecto social. Para a xustificación deste extremo, poderase solicitar un informe económico-financieiro do estado de contas, sempre que o soliciten, alo menos, un cinco por cento dos socios.

**Artigo 41º. Títulos de débeda e parte alicuota patrimonial.** Os títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial serán nominativos, e inscribiránse no libro que a tal efecto leve o Club, e no que se anotarán as sucesivas transmisións. En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

**Artigo 42º. Subscrición.** Os títulos de débeda só poderán ser subscritos polas socias e socios, e a súa posesión non conferirá dereito especial ningún, salvo na percepción dos intereses establecidos de acordo coa lexislación vixente. Asimesmo, os títulos da parte alicuota serán subscritos polos socios. A condición de socio non estará limitada a quen se atope en posesión de títulos, e non aportará os seus posuidores dereito especial. Os títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial serán transmisibles dacordo cos requisitos e condicións que puidera establecer a Asemblea Xeral.

#### **CAPITULO VII: REFORMA DOS ESTATUTOS**

**Artigo 43º. Modificación.** A modificación dos estatutos será aprobada pola Asemblea Xeral Extraordinaria. De dita modificación deberá remitirse, mediante a acta da sesión na que se acorde ou certificación do acordo, á Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, quen deberá pronunciarse sobre a mesma.

#### **CAPITULO VIII: REGULAMENTOS**

**Artigo 44º. Regulamentos.** Os presentes estatutos poderán ser desenvolvidos polos regulamentos internos, que deberán respetar, en todo caso, o establecido neles. Os regulamentos deberán ser aprobados na Asemblea Xeral Extraordinaria.

#### **CAPITULO IX: DISOLUCION DA INDENTIDADE**

**Artigo 45º. Causas de disolución.** O Club disolverase polas seguintes causas:

- a) Vondade expresa dos socios presentes, reunidos en Asemblea Xeral Extraordinaria.
- b) Por sentenza judicial firme que o ordene.
- c) Polas causas determinadas no artigo 39 do código Civil.

A disolución deberá ser comunicada á Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, mediante remisión da acta da sesión na que se acorde ou certificación do acordo.

**Artigo 46º. Destino dos bens.** No caso de disolución, o destino dos bens da entidade será o establecido na lexislación civil e administrativa. O patrimonio neto reverterá na colectividade, a cuxo fin o organismo competente en materia de Deportes da Xunta de Galicia procurará o necesario para que ditos bens sexan efectivamente destinados ó fomento e desenvolvemento das actividades físico-deportivas, preferentemente no Concello de Ordes.

E para que conste a efectos de anotar a modificación dos estatutos do club no REXISTRO DE ASOCIACIONES DEPORTIVAS DE GALICIA, asíno co Vº e Pª do Presidente a presente modificación en Ordes (A Coruña) a 07 de Xaneiro de dous mil nove.

**O Secretario**

**Vº e Pª O Presidente**

**Asdo.:**

**Asdo.:**